

EXTRACCIÓN DO DNA DOS CHÍCHAROS

MATERIAL

- Chícharos
- Deterxente lavavaixelas
- Líquido para limpar lentillas ou zume de piña.
- Batedora
- Auga destilada
- Microscopio
- Sal (NaCl)
- Alcohol de 96º
- Probeta de 250 cc/vaso de precipitados
- Tubos de ensaio

MÉTODO

1. Mestura no frasco da batedora 400 g de chícharos con 200 ml de auga destilada e engade 3 culleradas de deterxente de lavavaixelas e unha de sal. A solución de lavavaixelas e sal xunto coa acción da batedora é capaz de romper a parede celular e as membranas plasmática e nuclear das células.
2. Bate ben e filtra o líquido obtido (serve un coador metálico dos de casa).
3. Pasa o líquido filtrado a unha probeta/vaso de precipitados.
4. Engade un chorro de líquido para limpar lentillas ou zume de piña e mestura ben todo. O líquido limpalentillas e o zume de piña conteñen proteases que eliminan as proteínas (histonas) que empaquetan o ADN para formar a cromatina.
5. Bota parte do filtrado nun tubo de ensaio e engade aproximadamente a mesma cantidade de alcohol con moito coidado, facéndoo esvarar polas paredes do vaso para que non se mesture co filtrado. Debe formar unha capa sobre o filtrado separada pola diferente densidade.
6. Deixa repousar durante uns minutos. Observarás que unha maraña de fíos brancos vai subindo e mesturándose co alcohol: é o ADN dos chícharos.
7. Monta unha preparación de microscopía cunha mostra do ADN, tinguíndoo con azul de metileno e obsérvaa co obxectivo de maior aumento. O DNA debe verse como uns fíos moi delgados e separados.